



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE

### OUTUBRO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e oito de outubro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 21 de outubro de 2013**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, acordou deixar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2013 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

#### **2º.- Correspondencia**

- Real decreto 828/2013, de 25 de outubro, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado por Real decreto 1624/1992, de 29 de decembro; o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado polo Real decreto 520/2005, de 13 de maio; o Real decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos e o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro. (Boletín Oficial do Estado número 257, do día 26 de outubro de 2013).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado**

Don Fernando Caride Suárez informa que o curso de monitores de comedor escolar terá lugar os vindeiros días 11, 12 e 13 de novembro.

A seguir, informa que a obra da segunda fase de acondicionamento acústico dos locais de ensaio xa rematou. Engade que en vindeiras datas se citará a un ou dous grupos para corroborar o bo funcionamento do novo illamento.

Igualmente, informa que a Xunta de Galicia concedeu unha subvención por importe de 3.000 euros para actividades xuvenís. Di que esta semana se reunirán para decidir o destino que se lle dará á citada subvención.

Tamén informa respecto da actividade "por fin é venres", que ten lugar na Casa das Palmeras, no Temple, que se volve a realizar logo do verán e con grande éxito de público.

A continuación, informa que mañá visitará xunto co presidente do Club Náutico de Cambre o almacén de obras e servizos, xa que hai oito ou dez piraguas cun remolque que están en mal estado e, en principio, a idea é formalizar un convenio para a cesión deste material a cambio de que realicen actividades ou cursos de piragüismo para o Concello, polo importe ou avaliación das piraguas e o remolque.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que onte tivo lugar o roteiro de BTT de Cambre, cunha participación dunhas 450 persoas, é o de máis participación da comarca e engade que se desenvolveu sen incidentes.

#### **Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo**

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o vindeiro día 30 de outubro comeza o obradoiro de emprego de atención sociosanitaria, con 22 alumnos, 5 docentes e un director.

A continuación, informa que o servizo de orientación laboral comezará antes do día 15 de novembro.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Igualmente informa que remataron todas as prácticas dos catro módulos de AFD, accións formativas para desempregados.

Respecto da feira, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que hai varias solicitudes de cambios, que asinan unha das asociacións das catro que hai e di que as están estudando. Engade que as que se adaptan á legalidade se resolverán favorablemente e as que non, se desestimarán.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que no departamento de Urbanismo fixeron unha memoria valorada para reparar o cemiterio de Cambre, sobre todo as cubertas dos nichos correspondentes á parte antiga. Engade que o importe serían uns 60.000 euros e intentarán incluílo no vindeiro orzamento.

A continuación, informa que se enviou á comunidade de veciños do edificio onde está a confeitaría Maria Jesús o protocolo que fixo o enxeñeiro e marcaron para ir o día 8 de novembro, pero pendente da confirmación por todas as partes.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que urxen as retencións de crédito para o expediente da iluminación do nadal e o da pavimentación dos dous camiños que hai que xustificar no mes de novembro, ao que dona Marta Maria Vázquez Golpe contesta que xa están feitos.

Igualmente, urxe aprobar os plans de seguridade e saúde de varias obras. Engade que están para licitar o expediente da varanda de Manuel Lugrís e o complementario do POS 2013.

A continuación, tamén informa que solicitaron ofertas para os contedores que teñen para a recollida de lodos no Temple e outros que utiliza a brigada de obras nos Campóns, e houbo un aforro do 40% de desconto.

Para rematar, don Manuel Marante Gómez informa que a partir do luns comezarán a funcionar co rareo da luz, igual que se viña facendo dende o ano pasado. Engade que no primeiro semestre deste ano se aforrou aproximadamente 60.000 euros.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o venres, día 25, e o domingo, día 27, se representaron as dúas obras de teatro previstas no local da Juventud de Cecebre.

A continuación, informa que o sábado día 26, na Casa da Cultura, tivo lugar o concerto do Quinteto Claqueta, banda sonora orixinal de películas de cine.

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o pasado venres tivo lugar o fallo do xurado do concurso de fotografía do Concello de Cambre. Engade que se publicará o vindeiro día 30.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que están a comezar coa organización da operación quilogramo, a cal tivo moito éxito o ano pasado. Engade que se reunirá co persoal de voluntariado, protección civil e servizos sociais, para os efectos da súa coordinación. Di que o ano pasado se recolleron sete toneladas de alimentos e este ano espera que sexa superior, dado que se ampliará a máis supermercados.

A continuación, informa que o pleno da Deputación, na súa sesión do venres pasado, aprobou unha subvención para a Cruz Vermella, destinada a reformar o local situado na Barcala e cedido polo Concello de Cambre á Cruz Vermella. Engade que está á espera de asinar un convenio entre a Deputación provincial, a Cruz Vermella e o Concello de Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O Presidente  
  
Manuel Rivas Caridad



A secretaria  
  
Maria Luisa de la Red Ampudia

